

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 2021/2022

CPR PLURILINGÜE SANTA JUANA DE LESTONNAC

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO
 - 2.1 NORMAS ESPECÍFICAS PARA AS FAMILIAS
 - 2.2 ASISTENCIA
 - 2.3 GRUPOS DE CONVIVENCIA
 - 2.4 CELEBRACIÓNS, SAÍDAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
 - 2.5 ENTRADAS E SAÍDAS
 - 2.6 REGULACIÓN DE CIRCULACIÓNS
 - 2.7 NORMAS ESPECÍFICAS PARA AS AULAS
 - 2.8 CAMBIOS DE CLASE
 - 2.9 USO DA BIBLIOTECA
 - 2.10 ASEOS
 - 2.11 ESPAZOS UTILIZADOS NOS RECREOS
 - 2.12 COMEDOR
 - 2.13 MADRUGADORES
3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN
 - 3.1 PREVENCIÓN
 - 3.2 HIXIENE
 - 3.3 PROTECCIÓN
4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL
5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN
6. DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

1. INTRODUCCIÓN

Segundo a RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, co fin de facilitar a incorporación do alumnado ao centro, deberán elaborar a información necesaria e organizarán as actuacións que lle permitan ao alumnado, especialmente ao de nova incorporación, familiarizarse nas primeiras semanas do curso, polo menos cos seguintes aspectos:

- a) As normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado, necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

O Plan de adaptación á situación COVID-19 do CPR Plurilingüe Santa Juana de Lestonnac, implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento, que debe coñecer toda a comunidade educativa.

2.1 NORMAS ESPECÍFICAS PARA AS FAMILIAS

As familias realizarán unha autoavaliación dos síntomas de forma diaria, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2, cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia a través das seguintes canles:

Teléfono do centro: 981311449

Correos do centro: info@lestonnacferrol.org / cpr.santa.juanadelestonnac@edu.xunta.gal

Utilizarase a enquisa de autoavaliación clínica que se facilitou a través da Web do centro, e debe realizarse, cada mañá, antes da chegada a este. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

O centro solicitará ás familias que asinen unha declaración responsable ao inicio do curso escolar (entregaráselle ao alumnado o primeiro día de clase) na que se responsabilizan da medición ou a

avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas cos procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. Na medida do posible, procurarase que a entrada das familias ao centro non coincida con horarios de entrada e saída, ou con recreos.

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro.

As reunións de titoría e a comunicación por outros motivos coas familias serán prioritariamente por teléfono ou a través de Abalar Móbil. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial, esta pedirase con cita previa e adaptarase o espazo destinado á reunión: garantirase a distancia de seguridade (1,5 metros) entre asentos, empregarase a máscara e disporase de produtos de hixiene (panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para a limpeza de mans).

2.2 ASISTENCIA

Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas do sistema educativo, priorizándoa para o alumnado de menor idade, polo menos ata o cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria

No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende o médico ou pediatra.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2 na casa, o alumnado non acudirá ao centro. Tampouco acudirán aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19, ou que estean en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. É dicir, para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias derivadas da aplicación das medidas anteriores consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

2.3 GRUPOS DE CONVIVENCIA

En Educación Infantil e en Educación Primaria, a organización do alumnado estableceuse en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Isto implica que non se poidan contemplar, na programación anual, aquelas actividades que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia, así como as que esixan unha especial proximidade.

2.4 CELEBRACIÓNS, SAÍDAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Tendo en conta que nas celebracións escolares non pode haber presenza de público e que os diferentes grupos de convivencia non se poden mesturar, tampouco se contemplan as celebracións fóra do espazo da aula ordinaria. As posibles saídas e as actividades extraescolares que se realicen contarán co cumprimento da normativa vixente.

2.5 ENTRADAS E SAÍDAS

Co fin de evitar aglomeracións e garantir as medidas de distanciamento físico interpersonal presentamos a seguinte organización de entradas e saídas:

HORARIO CURSO 2021-2022

EDUCACIÓN INFANTIL (ACCESO POLO PORTAL PEQUENO, RÚA PIO V)		
CURSO	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
4º (3 ANOS)	9:20	14:10
5º (4 ANOS)	9:15	14:05
6º (5 ANOS)	9:10	14:00

EDUCACIÓN PRIMARIA (ACCESO POLO PORTALÓN GRANDE, RÚA NAI LESTONNAC)		
CURSO	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
1º	9:15 (PORTA DE PORTERÍA) A	14:15 (PORTA PATIO) A
2º	9:15 (PORTA DE PORTERÍA) A	14:15 (PORTA PATIO) A
3º	9:10 (PORTA DE PORTERÍA) B	14:15 (PORTA CENTRAL) B
4º	9:10 (PORTA DE PORTERÍA) B	14:15 (PORTA CENTRAL) B
5º	9:05 (PORTA DA IGREXA) C	14:10 (PORTA CENTRAL) C
6º	9:05 (PORTA DA IGREXA) C	14:10 (PORTA CENTRAL) C

ESO (ACCESO POLO PORTALÓN GRANDE, RÚA NAI LESTONNAC)				
	De luns a venres		Martes pola tarde	
CURSO	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
1º	8:25 (ZONA A)	14:05 (A)	16:15 (ZONA A)	17:55 (A)
2º	8:20 (ZONA B)	14:00 (B)	16:10 (ZONA B)	17:50 (B)
3º	8:15 (ZONA C)	13:55 (C)	16:05 (ZONA C)	17:45 (C)
4º	8:15 (ZONA C)	13:55 (C)	16:05 (ZONA C)	17:45 (C)

Esta organización permitirá en todos o niveis superiores ao ensino infantil a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva dentro da aula que teña asignada, a medida da súa chegada ao centro. Os acompañantes destes niveis non poderán acceder ao recinto escolar.

Habilitouse unha entrada diferenciada para a etapa de Educación infantil, que vai dar á rúa Papa Pío V. Este alumnado poderá chegar ao centro acompañado dun familiar e agardar nun espazo diferenciado para a entrada a aula. Os acompañantes deberán usar máscara.

Para a saída do centro ou para o inicio do servizo de comedor flexibilízase o horario dentro da última hora lectiva, como recolle o cadro anterior.

Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións no recinto escolar ou que xogue no mesmo, deberán saír directamente ao exterior do recinto.

Tanto nas entradas coma nas saídas haberá profesorado de garda para facer efectiva a entrada e saída ao recinto en condicións de seguridade.

2.6 REGULACIÓN DE CIRCULACIÓNS

Nas etapas de Educación Primaria e Secundaria habilítouse unha porta para entrada e outra para saída.

En todos os corredores do centro establecéronse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indican a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade.

Tanto as portas de entrada e saída coma os corredores foron sinalizados con dispositivos visuais no chan.

O uso do elevador farase de xeito individual e quedará limitado ás persoas que o precisen por motivos de mobilidade.

No caso do alumnado de EE que non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo. A persoa acompañante valorará o emprego de pantallas no caso de que o alumno non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.

2.7 NORMAS ESPECÍFICAS PARA AS AULAS

Na aula ordinaria, é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas da mesma.

No propio pupitre, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.

Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

Cando se use material de uso común o alumnado realizará unha hixiene de mans antes e despois de usar o material.

Ante a imposibilidade de colocar a roupa nas perchas dun xeito individualizado, esta colocarse no respaldo da cadeira do alumno, agás os grupos colaborativos das aulas de infantil e 1º ciclo e 2º ciclo de primaria.

As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Evitarase o desprazamento do alumnado pola aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

A distancia á que o profesorado se dirixa ao grupo aula será superior a 1,5 metros.

Recoméndase que nas aulas o alumnado e profesorado manteñan o volume de voz o máis baixo posible. Porén, esta norma estenderase a outros espazos como corredores, comedor... que vaian ser utilizados durante a estadía no centro.

Ademais destas normas, no laboratorio, no taller, na aula de plástica ou informática extremaranse as medidas de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido. A materia de música impartirase na aula ordinaria.

Nestas aulas, o material que sexa compartido debe ser desinfectado polos usuarios ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.

Evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros.

Na materia de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realice no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans.

2.8 CAMBIOS DE CLASE

O alumnado non cambiará de clase agás nas materias de plástica, informática e educación física e, de xeito excepcional, irá ao taller ou ao laboratorio.

No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeración de alumnado.

Se houberse outro grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia e evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará mesas e cadeiras.

2.9 USO DA BIBLIOTECA

A biblioteca poderá ser usada ata o 75 % do seu aforo, mediante petición previa. Deste xeito, as mesas ou postos de traballo poderán ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade.

O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

O préstamo de libros de lectura (obras íntegras da literatura infantil e xuvenil que son lectura obrigatoria, ou recomendada, nas diferentes materias de linguas) realizarase de xeito habitual. Os libros que sexan devoltos permanecerán en caixas identificativas e illadas ata volver aos andeis.

As restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias tamén se aplicarán á biblioteca.

2.10 ASEOS

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior ao 50% do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Durante o recreo haberá profesor de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

As familias ou calquera outra persoa allea á comunidade educativa, unicamente poderán usar un dos aseos máis próximos á entrada do centro.

No caso de alumnado da etapa de infantil ou con NEE, o persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

2.11 ESPAZOS UTILIZADOS NOS RECREOS

Nos recreos seguen rexendo os mesmos horarios, pero os espazos redistribuíronse de xeito que os grupos de convivencia estable en EI e EP manteñan a distancia de seguridade con respecto a resto dos grupos. No caso de secundaria estes espazos permiten que o alumnado estea organizado por niveis e que o alumnado pertencente a un mesmo nivel poida manter a distancia interpersoal de 1,5 metros.

Suspéndese a venda de bocadillos e auga no centro mentres dure a situación excepcional.

En Infantil e Primaria a merenda tomarase nas aulas.

Espazos interiores

Educación Infantil		Cuberto tecnoloxía
Educación Primaria	1º e 2º	Cuberto tecnoloxía
	3º	Porche
	4º, 5º e 6º	Cuberto columnas
Educación Secundaria	1º	Porche
	2º	Cuberto tecnoloxía
	3º e 4º	Cuberto columnas

Espazos exteriores

Zonificación patio infantil



Zonificación patio primaria I (patio seco)



Zonificación patio primaria II (patio mollado)



Zonificación patio secundaria



2.12 COMEDOR

O espazo de comedor quedou limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo.

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros ou ben separaranse con mamparas.

Aquel alumnado que non constituía GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo.

Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.

Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado.

Se é preciso, aumentarase o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. Daráselle prioridade aos máis novos.

Os locais utilizados no servizo de comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo. Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xerra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc...

O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.

Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula e serán acompañados ao comedor, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.

Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño do andar que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Os centros garantirán a existencia de xabón e papel para secar as mans nos aseos, así como dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída dos comedores.

Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Cando remate a comida, o alumnado sairá por orden segundo están sentados nas cadeiras e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados para o efecto, ata que os familiares os recollan ou ata o inicio da actividade lectiva de tarde, nos casos de horario partido.

Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar.

Para as entradas e saídas do centro ou para o inicio do servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible.

O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas.

No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que

deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor.

2.13 MADRUGADORES

No programa de madrugadores seguirase o protocolo ordinario do centro co engadido das prevencións en materia de hixiene e distancia de seguridade.

Nos momentos de descanso deitados, en caso de habelos, a separación será de polo menos 1,5 metros entre colchóns ou colchonetas.

No caso de alumnado de educación primaria será obrigatorio o uso de máscara, e recoméndase o seu uso para o alumnado de educación infantil, sempre que exista boa tolerancia.

O/A alumno/a que utilice o servizo de madrugadores será acompañado directamente á aula que teña asignada, seguindo os sentidos de circulación establecidos.

3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

3.1 PREVENCIÓN

O centro educativo conta cun equipo formado na COVID-19 que será de referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. Formado pola directora e os coordinadores das etapas de Infantil, Primaria e Secundaria.

A canle de comunicación utilizada será o teléfono do centro 981 31 14 49 ou ben os seguintes enderezos electrónicos: info@lestonnacferrol.org/ cpr.santa.juanadelestonnac@edu.xunta.gal

O centro de saúde do centro para resolver calquera dúbida ou incidencia é o Centro de Saúde de Caranza.

O centro solicitará ás familias que asinen unha declaración responsable ao inicio do curso escolar (entregaráselle ao alumnado o primeiro día de clase) na que se responsabilizan da medición ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

Habilitouse, dende o inicio de curso, un espazo específico de uso individual para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo conta con ventilación, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables así coma un baño anexo e un EPI composto por máscara FFP2 sen válvula, unha pantalla facial e unha bata para a persoa acompañante.

O centro dispón de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirte sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID-19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos reforzouse a información sobre hixiene individual. O centro educativo informará a todos os membros da comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas. Teranse presentes, en todo momento, aquelas accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa situación sanitaria actual.

3.2 HIXIENE

Na entrada principal do centro dispúxose unha alfombra para a desinfección do calzado.

Tanto nas entradas coma nos corredores das diferentes etapas dispuxéronse dispensadores de xel hidroalcohólico.

Os baños contan con dispensador de xabón e panos desbotables.

Nas aulas, despachos, sala de profesores, titorías ... haberá en todo momento unha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico.

O profesorado usará a dotación de material de hixiene en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas

Realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións por espazo de 15 min ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases e, sempre que sexa posible, entre clases. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as ventás abertas o maior tempo posible.

3.3 PROTECCIÓN

O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.

O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.

Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario (como por exemplo no comedor). Terán consideración de condutas contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo.

A imposibilidade do uso da máscara (nas persoas que presentan algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización) deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

Establecéronse distancias mínimas de seguridade, agás nas aulas configuradas como grupos de convivencia estable, de 1,5 metros; nos accesos e nos espazos de atención ao público.

Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público estableceuse unha distancia mínima de 1,5 metros entre o usuario e o persoal e habilitáronse mamparas nestes postos (portería, administración, secretaría).

O centro realizou un aprovisionamento de xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, papeleiras de pedal e máscaras de protección, cando estas resulten insuficientes.

4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL

Durante o presente curso continuarase coa Aula Virtual. Esta plataforma dixital está soportada por G-Suite, e estará operativa para todos os cursos desde Infantil hasta Secundaria. Ademais do uso como aula, “Google Classroom”, ten a capacidade de servir como medio de comunicación entre o profesorado e o alumnado. Esta comunicación será complementaria a Abalar Mobil e á páxina web do centro.

Respecto ao alumnado tamén haberá formación sobre o manexo desta nova ferramenta e a realizará un grupo específico de profesorado xa formado que entrará nas aulas para dar a formación.

Haberá formación específica a modo de recordatorio: como se acende un ordenador, como se emprega un navegador, como se accede a páxina web do colexio, onde se atopa a información nela, como se manexa un buscador, como se descarga un arquivo, ... esta formación permitiralles, xunto coa do manexo de G-Suite, afrontar con garantías o ensino non presencial ademais de incrementar a súa competencia dixital.

Tamén se lles proporcionará este tipo de formación ás familias que o precisen, completando deste xeito a súa competencia ante un posible confinamento. Esta formación será fora do horario escolar e será coordinada polo equipo Tic do centro.

O alumnado de 1º de ESO recibirá unha formación adicional no manexo do Entorno Visual de Aprendizaxe de EDixgal e no manexo dos portátiles da dotación Abalar. Esta formación realizarase de forma intensiva nas primeiras semanas do curso e será impartida por un grupo específico do profesorado.

O alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO, xa familiarizado con EDixgal, recibirá tamén unha formación de reforzo no manexo de este entorno e do seu ordenador.

Unha vez recibida a información realizaranse, a modo de avaliación, as accións necesarias para comprobar que todo o alumnado e quen de manexarse no caso dun confinamento. No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e notificarán ao equipo directivo. Farase un informe indicando, se é o caso, que alumnado non e quen de seguir o ensino non presencial e cal é a súa causa: problemas de conectividade, falta de equipamentos ou dificultade na aprendizaxe. Con este informe deberán

tomarse as medidas necesarias para emendar o problema ou comunicalo a quen indique a Inspección Educativa.

5. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN

A emerxencia sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 situounos ante o maior reto educativo dos últimos tempos. Estamos a asumir responsabilidades ata o de agora descoñecidas, nun clima de alta incerteza: a día de hoxe non sabemos con seguridade en que escenario transcorrerá o proceso de ensino-aprendizaxe no inicio de curso 2021-22.

Agora ben, somos conscientes de que, se en situacións normais o comezo de curso é un momento sensible e importante, o impacto da situación extraordinaria vai incrementar a necesidade de traballar no inicio do curso 2021-22 os aspectos socio-emocionais do alumnado e a posta en marcha de dinámicas de cohesión grupal que permitan o seu correcto desenvolvemento.

Sen perder de vista a importancia doutros ámbitos de aprendizaxe, consideramos que é unha medida prioritaria, a desenvolver no noso centro educativo, coñecer e compartir as vivencias e experiencias do alumnado, as súas emocións e sentimentos tanto positivos como negativos, así como comprender as estratexias que desenvolveron para afrontar os acontecementos dos últimos meses e o nivel de impacto na súa situación de benestar actual.

Todo iso permitirá levar a cabo unha intervención educativa axustada a cada unha das realidades na que se atopan. Será fundamental, por tanto, que nesta fase de acollida acumulemos forzas e invistamos tempo de calidade no coñecemento e mellora do benestar socio-emocional de todo o alumnado (e da comunidade educativa en xeral).

Doutra banda, a pandemia e a situación de emerxencia sanitaria supuxeron novas aprendizaxes, tanto no ámbito persoal como colectivo, nos sistemas que organizan as nosas vidas e nos modos de relación tanto no ámbito social como educativo. Como educadores, estamos a ter a oportunidade de recoñecer e poñer en valor as situacións vividas, para permitir que o noso alumnado as transforme en aprendizaxes positivas, aprendizaxes para a vida.

5.1 OBXECTIVOS

Entre os obxectivos que perseguimos podemos destacar os seguintes:

- Identificar sentimentos e emocións que contribúan á reconstrución socio-afectiva.
- Identificar e valorar as estratexias de aprendizaxe e desenvolvemento persoal adquiridas a partir da experiencia vivida, para utilizalas en situacións de incerteza e de coidado mutuo.

5.2 AS COMPETENCIAS EMOCIONAIS

Para acadar os obxectivos descritos máis arriba precisamos traballar as competencias emocionais nas nosas aulas, co noso alumnado, o que lles permitirá aprender cómo, cando ou por qué aplicar os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo destes últimos meses, así como a usar as TIC para conseguilo.

As competencias emocionais son un subgrupo das competencias persoais e constitúen o conxunto de coñecementos e actitudes necesarios para comprender, expresar e regular adecuadamente os fenómenos emocionais das persoas.

Estrutúranse da seguinte maneira:

1. Conciencia emocional: permite percibir o ambiente emocional dun contexto e é a capacidade de apropiarse das propias emocións.
2. Regulación emocional: é a capacidade para manexar adecuadamente as emocións e auto-xestionar as emocións positivas.
3. Autonomía emocional: corresponde á autoxestión persoal.
4. Competencias sociais: axudan a manter boas relacións con outras persoas.
5. Competencias para a vida e o benestar: son comportamentos adecuados e responsables para afrontar adecuadamente retos e situacións excepcionais.

Este modelo de competencias emocionais favorece unha mellor adaptación ao contexto e axuda a afrontar as circunstancias da vida con maiores posibilidades de éxito.

O longo do mes de setembro o profesorado de todas as etapas educativas garantirá a realización de dinámicas de cohesión grupal para fomentar o bo ambiente na aula.

A seguir, compartimos algunhas das actividades grupais que se van levar a cabo:

Actividades	Dinámicas de cohesión grupal
<i>A tea de araña. A silueta. Kitbull, o amigo canino. Un e un, o grupo ao completo.</i>	Para falar con tranquilidade e sosego de sentimentos, emocións e vivencias hai que preparar ao grupo. Para traballar o apoio e o coidado mutuo, o respecto e a solidariedade, hai que intensificar a conciencia grupal ata sentir que forman unha pequena comunidade de aprendizaxe.

Actividades	Ámbitos de aprendizaxe	Competencias emocionais
<i>¿Que sentín? Podo facelo.</i>	Identificación de sentimentos e emocións.	Conciencia emocional. Regulación emocional.
<i>A miña vida cambiou.</i>	Autoconcepto, autocoñecemento, motivación e resiliencia.	Regulación emocional. Autonomía emocional.
<i>Podemos pásalo ben.</i>	Estratexias adquiridas e competencias desenvolvidas.	Autonomía emocional. Competencias sociais.
<i>Solidariedade!</i>	Solidariedade e coidado mutuo.	Competencias para a vida e o benestar. Competencias sociais.

Entramos nunha nova normalidade, pero o bo (e tamén o malo) é que ninguén sabe exactamente como é, e iso precisamente nos brinda unha oportunidade para que todos decidamos pola nosa conta como será esta.

Neste contexto tan atribulado, é importante que tanto profesores como alumnos poidamos considerar que non todo o que se viviu foi catastrófico; polo contrario, adquiríronse novos coñecementos, habilidades e destrezas que nos axudarán a mellorar nas seguintes etapas da vida.

6. DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Estas novas normas, actuacións e accións compartiranse a través da páxina web do centro con toda a comunidade educativa.

Tanto os membros do equipo COVID coma os membros do equipo directivo do centro estarán a disposición do persoal docente e non docente para aclarar calquera dúbida que vaia xurdindo, apoialos no seu labor e conciencialos dos cambios.

Consideramos que estes cambios deben ser coñecidos polas familias antes de comezar o curso escolar para dar atención ás súas dúbidas, aportarlles tranquilidade e promover unha maior fluidez e éxito nos cambios emprendidos.

Entendemos que a difusión a través da páxina web do centro non é suficiente. Cómpre ter un mediomáis próximo no que poidan facer as súas aportacións e transmitir as súas dúbidas de xeito máis directo. Por este motivo, as reunións de inicio de curso adiantaranse aos días previos ao comezo da actividade lectiva.

Aquelas familias que non asistan ás reunións recibirán, a través de Abalar Móbil ou correo electrónico, un enlace para consultar o Plan de adaptación ao COVID-19 do centro.

As dúas primeiras semanas de curso serán fundamentais para que o alumnado adquira conciencia dos cambios e os normalice dentro da súa rutina.